

I Concurso de Debuxo Infantil “Viajeros Infinitos”.

En Santiago de Compostela, ás 17:00h do 21 de Abril de 2020, no 38º día de confinamento, reunímonos telematicamente as socias de **7H Cooperativa Cultural** como xurado do Concurso de Debuxo Infantil “Viajeros Infinitos” para analizar conxuntamente as 20 ilustracións recibidas nesta primeira edición do certame.

Tras proceder á análise das obras, todas coincidimos en valorar moi positivamente o nivel creativo das ilustracións presentadas, facendo preciso parabenizar a todas as crianzas polo traballo realizado.

En concreto, **FELICITAMOS** a:

- Ainoa**, de **6 anos**, pola súa equilibrada composición, armónica elección cromática e fermoso sol con pecas;
- Antía**, de **8 anos**, pola súa capacidade narrativa e orixinal incursión na banda deseñada así como polos seus adorables animalíños;
- Antón**, de **8 anos**, pola súa creatividade compositiva, a orixinalidade mostrada no emprego da cor e a montaña rusa, na que estaríamos encantadas de subir;
- Bruno**, de **6 anos**, pola expresividade e frescura da súa ilustración, a súa riqueza cromática e o estupendo xeado, co que nos deu moita envexa;
- Enma**, de **4 anos**, pola claridade da súa mensaxe ilustrada e a orixinalidade na súa representación figurativa, cun arco da vella máis que perfecto;
- Enma**, de **5 anos**, pola riqueza da súa gama cromática e a orixinalidade da súa composición, na que destaca unha nube-arcoiris que transmite amor a todos os seus protagonistas;
- Iago**, de **6 anos**, pola creatividade da súa composición e uso cromático así como polo seu increíble sol despeinado, co que nos fixo sorrir moito;
- Leo**, de **7 anos**, pola súa agudeza técnica, coidado detalle e gran realismo ilustrado, co que nos deixou totalmente namoradas das súas xirafas;
- Lucas**, de **3 anos**, pola súa fantástica visión espacial e prometedora capacidade técnica, demostrada amplamente na realización dun estupendo avión co que quedamos abraiadas;
- Lucas**, de **5 anos**, polo seu fondo coñecemento da zooloxía e impresionante capacidade compositiva, mostrada nunha ilustración na que non se esqueceu de representar aos máis pequenos da familia (que monada de elefantiño por favor!);
- Marta**, de **6 anos**, pola claridade da súa mensaxe ilustrada e a súa coidada representación figurativa, na que namoramos do seu oso feliz;

- Martín**, de **4 anos**, pola súa coidada composición e asombrosa capacidade de representación realista, na que amosa un coñecemento das viaxes de avión que xa quixeramos nós;
- Mateo**, de **5 anos**, polo seu dinámico cromatismo e expresiva composición, nunha escena que representa a piscina dos nosos soños;
- Nerea**, de **9 anos**, pola súa dinámica e refrescante composición, armónico uso cromático e simpática protagonista en bikini (que ganas!);
- Nicolás**, de **7 anos**, pola súa coidada perspectiva compositiva, na que destaca un emprego moi creativo dos espazos baleiros e un orixinal tobogán de piscina que nos encantaría visitar!;
- Nuria**, de **8 anos**, polo detallismo da súa ilustración, coidada composición e un impresionante bus vermello londinense que xa quixeramos ter feito nós;
- Roi**, de **7 anos**, polas súas dinámicas composicións, moi ben documentadas e repletas de detalles sobre ambas culturas (exipcia e inglesa) e pola súa simpática momia, coa que sorrimos moito;
- Roi**, de **4 anos**, pola súa expresiva composición e prometedor capacidade técnica, na que destaca un perfecto avión no que nos encantaría marchar de viaxe;
- Samuel**, de **6 anos**, polo coidado e detallismo da súa composición, a expresividade dos seus protagonistas, e unha paisaxe ilustrada para quitar o sombreiro;
- Sara**, de **3 anos**, pola súa capacidade narrativa, un emprego do trazo sutil e moi prometedor e un xenial orixinal autorretrato que nos namorou completamente;
- Vera**, de **7 anos**, pola súa cromática e rítmica composición tremendamente alegre, que fai difícil non cantar un bocadiño ao seu fermoso florador-sandía;
- Xiana**, de **6 anos**, pola súa equilibrada composición e intensidade cromática, cunha mención especial á fermosa noria-corazón e ao seu avión con ás multicolor.

A calidade e diversidade das obras presentadas fixo moi difícil escoller só unha gañadora. Por iso, quixemos engadir ao premio do concurso un pequeno agasallo para todas as participantes: un lote de adhesivos realizados pola nosa brava ilustradora **Eva Agra**, que as familias poderán recoller en **Infinita** unha vez remate o estado de alarma.

Bruno, a maiores, levará a súa próxima viaxe unha divertida maleta de animalíño grazas ao concurso de **Infinita, Viajes y Eventos**: parabéns!

E non esquezades que o premio máis importante de todos e gozar da vosa creatividade! Seguid así e nunca deixedes de crear.

Con moito agarimo, o xurado de 7H Cooperativa Cultural.

